

EmprendeLab: «Lasa Apsos, museos e achicoria»

Data: mércores, 13 febreiro, 2013 -
12:00

Lugar: Salón de actos do
CITIUS

Poñente(s): Daniel Torres (Director da Fundación CSEV, Centro Superior para o Ensino Virtual)

Daniel Torres Mancera , director da Fundación CSEV (Centro Superior para o Ensino Virtual), participará nas xornadas sobre emprendemento organizadas polo CITIUS no marco do [programa Emprendelab](#), [presentado o pasado venres polo presidente de RedEmprendia](#), Senén Barro.

Daniel Torres

Na súa intervención, Torres presentará a evolución da figura do emprendedor na sociedade, reconstruída progresivamente nos últimos anos. Un contexto do que se tirarán visións, experiencias,... e mesmo algunha sorpresa, coas que se pretende probar de qué xeito o espírito emprendedor volve á primeira liña da actualidade.

Durante décadas o espírito emprendedor desbotouse, por falta de ferramentas axeitadas que contribuíran á súa posta en marcha. Porén, estas ferramentas (non exclusivamente tecnolóxicas) están hoxe ó alcance de calquera persoa, e miles de emprendedores as utilizan xa como pancas de crecemento persoal e profesional.

Na sesión establecerase un intenso diálogo sobre estas cuestións, aproveitando tódolos instrumentos dispoñibles para varrer as tradicionais fronteiras entre os eidos da aprendizaxe, a participación cidadá, o goberno e a innovación aberta.

Notas sobre Daniel Torres

Daniel Torres Mancera é Enxeñeiro de Telecomunicacións polo *Instituto de Empresa*, e Máster Executive MBA por *ISEM* (Universidade de Navarra). Dende hai 20 anos, traballa no ámbito de desenvolvemento de proxectos e negocios da Sociedade da Información, tanto no sector privado coma na Administración Pública. Na actualidade dirixe a Fundación privada *Centro Superior para la Enseñanza Virtual* (CSEV).

Antes de incorporarse a esta fundación, foi director do *Observatorio Nacional das Telecomunicacións e a Sociedade da Información*, así como asesor do Secretario de Estado de Telecomunicacións. Como docente dirixiu áreas académicas en distintas escolas de negocios, colaborando asemade con numerosas organizacións non gubernamentais (ONGs).